

## O DOTE

Canción recompilada por Xavier Blanco, no seu disco "Gaitas Troncais".

SI, SI, TEÑO UN POTE VELLO  
SI, SI, MUI ENGHURRICHADO bis

ESCOITEN SEÑORES  
RAPACES E TODO,  
VINDE VE-LO DOTE  
QUE ME DEU MEU SOGHRO

UNHA MANTA VELLA  
CUN REMENDO ROXO,  
UNHA CABRA CEGHA  
CUN CABRITO COXO

UNHA FALTRIQUEIRA  
CUN COLGHANTE FROUXO  
QUE APARENTA FEITA  
CON PEL DE RAPOSO

volta musical  
SI, SI....

ESCOITEN SEÑORES  
RAPACES E TODO  
VINDE A VE-LO DOTE  
QUE ME DEU MEU SOGHRO

UNHA CESTA VELLA  
CO FONDO FURADO  
UN CALDEIRO ROTO  
SEN FONDO E SEN ARO

UNHA OLA NEGHRA  
SIN ASA E SIN TAPA  
UNHA CUNCA GHRANDE  
DE FOLLA DE LATA

volta musical

SI, SI....

ESCOITEN SEÑORES  
RAPACES E TODO  
VINDE A VE-LO DOTE  
QUE ME DEU MEU SOGHRO

UNHA TINA VELLA  
PA FACER DE BOMBO  
UNHA GHAITA A CACHOS  
SEN FOL E SEN RONCO

UNHA PANDEIRETA  
CUN PELEXO FROUXO  
FEITA CUN UN ARO  
DO TRONCO DUN TOXO

volta musical

SI, SI.

Xavier Blanco. Gaitas Troncais